

GUÍA DOCENTE DE **ANÁLISE DA MÚSICA DO SÉCULO XX-XXI (I-II)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: ANÁLISE DA MÚSICA DO SÉCULO XX-XXI (I-II)									
ESPECIALIDADE	Dirección				ITINERARIO			---	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.							3	3	Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Estudo e análise das obras musicais do século XX ata a actualidade, centrándose especialmente no repertorio para grandes formacións, atendendo aos seus materiais construtivos, estilísticos e dos diferentes criterios que interveñen na súa comprensión e valoración. Principais compositores/as, escolas e tendencias de creación musical. Novas grafías. A obra para coro, banda e orquestra dos/as compositores/as galegos/as do século XX ata a actualidade. Estudo e análise das súas obras máis representativas. Características principais. Desenvolvemento de proxectos de interpretación deste repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os relativos ao Análise aplicado á dirección
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Historia da música, dirección de orquestra, pedagogía da linguaxe musical, jazz, análise aplicado á dirección, e os relativos á interpretación (conxunto, canto ou instrumentos aplicado...).
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X13, X15, X16, X17, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED2, ED4, ED8, ED10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer de forma teórica e práctica os procedementos e ferramentas da análise da música do S.XX-XXI a todos os niveis: harmónico-contrapuntístico, melódico-interválico, motivico, rítmico, textural, tímbrico, dinámico, macro e micro-estructural...	T1, T2, T3, T4, T8, X1, X4, X10, X11, X12, X13, X15, X23, ED2, ED4, ED8, ED10
Ser capaz de establecer relacións entre distintas estéticas, autores, estilos, así como de avaliar a utilización de ideas e procedementos extra-musicais.	T1, T2, T3, T4, T8, X1, X4, X10, X11, X12, X13, X15, X16, X17, X23, ED2, ED4, ED8, ED10
Ser quen de establecer relacións entre a teoría e o resultado na práctica, sobre a funcionalidade da obra, tratamento do tempo, do espazo sonoro, da instrumentación e orquestración.	T1, T2, T3, T4, T8, X1, X4, X10, X11, X12, X13, X15, X17, X23, ED2, ED4, ED8, ED10



4. CONTIDOS

Metodoloxías analíticas

Autores e linguaxes nos séculos XX e XXI

Exposicións e debates

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposicións maxistras, exposicións práctico-teóricas e práctica colectiva	Presencial	Regular
Práctica individual e pescuda de información	Presencial	Regular
Exposición e debate de traballos	Presencial	Ao final do cuadrimestre
Lectura guiada e comentario de fontes	Presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial na clase, tempo especial de titoría	Esporádica

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*